


A AGRICULTURA DO FUTURO NAS TÚAS MANS



Lely Horizon

O seguinte paso no futuro da súa explotación é a predición. Dea un paso adiante na xestión da súa explotación con Lely Horizon e sáquelles o máximo partido aos seus datos. Aproveite a información aplicando algoritmos intelixentes para predicir rendementos e obter opcións precisas de optimización da súa explotación. Consiga unha indicación clara e nunha fase precoz das vacas sospeitosas de padecer cetose e reciba consellos de tratamentos. Horizon está dispoñible en dous paquetes: Control e Advance. Comprobe cal se adapta mellor ás súas necesidades.

O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

GALICIA, ASTURIAS E CANTABRIA

AGROTEC ENTRECANALES SL - LELY CENTER LOS CORRALES DE BUELNA
Polígono de Barros, P22, N8
39408 Los Corrales de Buelna (Cantabria)
Tfno. +34 660 137 730
loscorralesdebuelna@cor.lelycenter.com

CASTELA E LEÓN, MADRID E TOLEDO

TECNOLOGÍAS DE ORDEÑO SL - LELY CENTER ÁVILA
C/ Hornos Caleros, 29
05003 Ávila
Tfno. +34 920 254 116
avila@avi.lelycenter.com

PAÍS VASCO, NAVARRA E CATALUÑA

LELY IBÉRICA CSV SA - LELY CENTER IN AIZOAIN
Polígono Iruregaña, naves 5 e 6
31195 Aizoain (Navarra)
Tfno. +34 629 083 587
aizoain@aiz.lelycenter.com



A AUTOMATIZACIÓN MELLORA O BENESTAR ANIMAL NA SAT JOGU

Esta explotación, situada en Ribamontán al Mar (Cantabria), leva case unha década cos robots de Lely. Dispón de catro unidades para uns 270 animais en produción e, entre as vantaxes da robotización, os seus propietarios resaltan a mellora na calidade de vida tanto para eles como para os seus animais.



Giomara Aguilar, José Antonio Gutiérrez e Andrea Gutiérrez

Andrea Gutiérrez é a última xeración que se incorporou a esta SAT, fundada polos seus avós José Antonio Gutiérrez e María Antonia Alonso, que tamén son propietarios xunto aos seus pais José Antonio Gutiérrez e Jennifer Ruíz. A moza gandeira lembra que a explotación empezou cunha sala de muxido pequena e, tras trasladarse á nave onde se atopan na actualidade, “pasamos a unha máis grande, logo xa puxemos os tres robots e, logo dun tempo, o cuarto”.

Hai xa nove anos que Lely instalou os primeiros robots de muxido nesta SAT. Antes de colocalos, a media de produción situábase nos 29-31 kg/vaca/día e na actualidade está nos 40 kg. Alberto Sánchez, comercial de Lely Center, relata

que quizais o máis importante para esta granxa era que había un problema grave de man de obra e coa automatización do muxido se progresou nese aspecto. A man de obra era escasa e coa robotización iso mellorou. Así mesmo, ante o aumento da produción, sinala que o gandeiro factura máis e isto é moi importante: “Hai que buscar cada día ser máis eficiente e iso aquí lográmoslo. Nós queremos que lles vaia ben aos nosos clientes”.

As unidades atópanse situadas nos extremos da granxa, na que moxen unhas 270 vacas. A media anual de produción son uns 4 millóns de quilogramos por ano, é dicir, máis dun millón por robot. Así mesmo, a media por vaca e día está nos 39,8 kg, cunha graxa do 3,70 % e

unha proteína do 3,40 %. Outro dato a resaltar é que ten unha media de rexeitamentos de 1,6, “é dicir, o tráfico libre funciona. Si é certo que temos os robots saturados, porque hai demasiados animais e iso, con esta media tan alta de produción, obríganos a estar pendentes dalgunhas vacas que se atopen en picos de produción para levalas ao robot”, explica Alberto. Para conseguir esa media de produción tamén coidan a alimentación cunha ración composta de 24 kg de silo de millo, 14 kg de silo de herba, 1,2 kg de melaza, 2,6 kg de soia e 3,7 kg de copos e colza.



Nesta explotación tratan de ter en conta o benestar animal, por iso dispoñen de chans de goma, ventiladores para a calor, espaxedor de auga para refrescar as vacas, cortinas nos laterais da nave e rascadores. Alberto afirma que coa instalación de diferentes ferramentas mellorouse ese aspecto. Ademais, os colares achegan datos sobre o estrés por calor, un parámetro interesante para avaliar como se atopan os animais.

MÁIS DATOS CON LELY HORIZON

Unha das vantaxes que destacan dos Lely Astronaut A4 é a recollida de datos: "Dun exemplar sáche cando pariu, cando a inseminaron, cando está en celo, a rumiación, se ten algunha enfermidade ou o que sexa. Todo iso mellora o benestar animal e a nosa calidade de vida, posto que antes tardabas moitísimo en recompillar todos os datos", apunta Andrea.

A Farm Management Support desta granxa, Giomara Aguilar, comenta que desde Lely están centrados na actualización do software Lely Horizon, do que dispoñen en Jogu. "É moito máis avanzado, por exemplo, dámos consellos e proporciánanos un índice no que se valora a produción, a saúde, a reprodución e a eficiencia do robot". Engade que este sistema aprende segundo os datos que se van metendo, por iso é importante aceptar ou rexeitar os consellos que ofrece: "Se se rexeita un consello, por exemplo, a próxima vez que teña a mesma situación saberá que non ten que brindar ese aviso".

Desde a empresa preocúpanse pola saúde dos animais e para iso poden obter toda a información a través da aplicación. "Se unha vaca pode ser sospeitosa de cetose, chégalles ao móbil e dilles que accións debemos facer", relata. A aplicación tamén dispón dun novo *widget* que proporciona a marxe por rabaño e individual da vaca.



"OS DATOS QUE OFRECE O ROBOT SON UNHA PARTE IMPORTANTÍSIMA PARA O CONTROL DE REPRODUCCIÓN"

Andrea destaca as facilidades que lle ofrece esta aplicación, xa que, se ten unha vaca con algunha enfermidade ou incidencia, "collo o teléfono e notifícame o que sexa para que eu poida actuar ao momento". O mesmo afirma Ismael Villar Gómez, veterinario de reprodución e nutrición nesta explotación, quen tamén resalta a importancia dos datos que lles dá o robot: "É unha parte importantísima para o control de reprodución, como a medida da actividade por medio dos colares. Isto permite que as repeticións de celos se poñan en evidencia. Hoxe imos facer un control reprodutivo e atopamos moi poucas vacas baleiras".

A ROBOTIZACIÓN É O FUTURO

Ismael afirma que a robotización é o futuro, unha forma intelixente de muxir as vacas. Subliña que se lograron uns avances importantes neste aspecto, como o feito de que unha vaca se poida muxir máis veces porque ten necesidades fisiolóxicas debi-

do á presión da mama. "Nesta explotación aumentouse a produción porque antes se muxían dúas veces e agora a media está en 2,9 muxidos ao día", comenta. Tamén sinala que o sistema que se utiliza no robot por punteo, polo premio que se lles dá ás vacas de maior produción, salta á vista. O veterinario cóntanos que "non hai nada máis que ver a condición corporal destes animais que está ao redor do 3,5, nunca baixan de tres, e isto permítelles ter un sistema inmunitario desenvolvido e unha resistencia extraordinaria ás enfermidades".

Un dos lemas que ten Lely é que "as vacas seguen sendo vacas, pero os que cambian son os gandeiros", frase que tamén comparte a propia gandeira. Andrea conclúe afirmando que na súa gandería se produce leite de calidade, teñen benestar animal "e todo o demais, pero non nos pagan o prezo do leite que deberían. Aquí prodúcese leite de igual ou de mellor calidade que no resto de Europa, pero non temos os prezos iguais". ■